

ACTA Nº 15/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE ABRIL DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.

Escusa a súa inasistencia D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario accidental: D. José Rodríguez Veloso.

Na casa do Concello de Moaña, o 11 de abril de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:00 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 13/11, correspondente á sesión do 28 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na Resolución 190/11, do 8 de abril, a Alcaldía avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno para ordenar a realización de horas extraordinarias a persoal da Policía local o día 09.04.11 con motivo do 1º Torneo Concello de Moaña de Ciclismo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de

Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as seguintes licenzas de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 24/11 – D. JOSÉ MANUEL CHAPELA GONZÁLEZ presenta proxecto básico e execución para a construción dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Palmás-Domaio-Moaña, redactado polo estudo de arquitectura y urbanismo J.H. ARKMO, arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, visado o 28.01.2011.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 5 de abril de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta sendas acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con datas de 23 de marzo de 2011 para solo urbano de ordenanza 2 das NN. SS de Planeamento Municipal vixentes.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial; confirma a alineación da NN. Subsidiaria cun sistema viario de 14 metros de amplitude.

O proxecto inicial visado polo COAG o 07/02/2011 foi modificado no plano 01 con visado de 15/03/2011 para corrixir a alineación.

Cédense 15,00 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este., anterior cesión de 45,00 m/2 incorporadas a beirarúas.

Constitúese fianza por un importe 300,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.296,25 €
Taxas licenza urbanística.....	287,03 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.B) EXPTE. 47/11 – D^a MARÍA CONSUELO IGLESIAS BOUBETA presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar existente na rúa Riazón, nº 35, do barrio de Quintela-Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 24.03.2011.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 6 de abril de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto substituirase a tella en mal estado e a carpintería exterior, chorreo, limpeza e pintado de fachadas. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	159,93 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.C) EXPTE. 40/11 – GAS GALICIA, S.D.G., S.A., representado por D. Antonio Martínez Martínez, solicita licenza municipal de obras para a instalación de tubería de gas natural nas rúas Abelendo/San Martiñ, do barrio de Abelendo, de conformidade co proxecto presenado de Ampliación de Redes de Distribución de Gas natural do ano 2009, no termo municipal de Moaña, e demais documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de abril de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: INSTALACIÓN DE TUBAXES PARA GAS NATURAL (O. MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A presente documentación resulta ser unha separata do “Proxecto de Ampliación de Redes de Distribución de Gas del Termino Municipal de Moaña” coa finalidade de atender a demanda.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	89,69 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

4- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenza de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

4.A) EXPTE. 43/11 – YANNICK RIOBÓ ROYANT presenta croquis para muro de peche a vía pública, urbanización e colocación de zócalo de pedra aserrada, no lugar das Pajonas nº 49B, Berducedo. Lonxitude de muro: 12,10 ml x 2,00 de alto; sup. urbanización 42,72 m2, zocalo de pedra 12 ml. Orzamento das obras 1.296,90 €.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 5 de abril de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO, ZOCALO E URBANIZACIÓN

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

Altura de cerramento non sobrepasará os dous metros da rasante.

Retranqueo de cerramento e zócalo do eixo do camiño ascende a catro metros do eixo.

Urbanización coa rasante do sistema viario.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	36,32 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.B) EXPTE. 48/11 – D^a SOLEDAD PAREDES GARCÍA presenta memoria descritiva para obras de legalización de expte. 13/11 de R.L.U. de construción de muro de peche de 5,80 x 1,80 m (10,44 m2) a lindantes, situado no carreiro tras do Con, do barrio do Con.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 6 de abril de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE A LINDANTES

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

Licenza solicitada a requirimento da resolución da Alcaldía en expediente de reposición da legalidade 13/11.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 15,12 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- LICENZAS DE APERTURA

EXPTE. 15/11 e 20/09: BODEGAS COSTAS, C.B., representada por D. JUAN PENA COSTAS, mediante instancia de data 4 de abril de 2011, solicita o traslado e implantación de actividade de adega de viño na Avda. de Marín, Quintela, 78, para o que solicita licenza de apertura.

Visto o informe do aparellador municipal do 4 de abril de 2011 que literalmente di:

TRASLADO E IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE DE BODEGA DE VIÑO E DESTILERÍA ARTESANAL DE AGUARDIENTE.

INFORME:

Procede licenza de apertura para establecemento comercial destiñado a **traslado e implantación de actividade de bodega de viño e destilería artesanal de augardente** a favor de **Bodegas Costas, C.B.**. Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 01/11 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28 de febreiro de 2011 para cambio de ubicación de actividade destiñada a adega e licenza de obras e actividade nº 151/09 para destilería artesanal de augardente.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, conta con informe da Consellería de Sanidade para a nova actividade, rexistro de industrias agrarias 36/40718, de embotellador e sanitario previos ao traslado segundo consta na memoria. Presenta a certificación acústica outorgada por ente homologado así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 9 de marzo de 2011, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **DESTILERÍA ARTESANAL DE AGUARDIENTE**, uxo titular resulta ser **D. BODEGAS COSTAS, C.B.** a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 151/2009) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de novembro de 2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 500 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **BODEGAS COSTAS, C.B.**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **traslado e implantación de actividade de bodega de viño e destilería artesanal de augardente** no local situado na Avenida de Marín, 78, Quintela-Moaña, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

6.A) EXPEDIENTE 16/11 – D.ª PALOMA PRADOS JIMENEZ

Vista a instancia presentada o día 6 de abril de 2011 por Dona PALOMA PRADOS JIMÉNEZ, na que expón que é a nova titular do supermercado, situado na rúa Porta do Sol, 124 baixo. e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 11 de abril de 2011, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 11/04/2011, en relación coa solicitude presentada por Dna. PALOMA OPRADOS JIMÉNEZ, na data do 06.04.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de SUPERMERCADO, sito na rúa Porta do Sol, nº 124, baixo, Meira, pertencente a FRANCISCO PIÑEIRO VILAS, teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de SUPERMERCADO, sito na rúa Porta do Sol, nº 124, Meira, pertencente a FRANCISCO PIÑEIRO VILAS. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 18 de febreiro de 2002.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de SUPERMERCADO sito na rúa Porta do Sol, nº 124, pertencente a **D. FRANCISCO PIÑEIRO VILAS**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 18.02.2002**, a favor de **D.ª PALOME PRADOS JIMENEZ**.

6.B) EXPEDIENTE 17/11 – D. FERNANDO REGUEIRA BLANCO

Vista a instancia presentada o día 11 de abril de 2011 por Don FERNANDO REGUEIRA BLANCO, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de apertura do CAFE-BAR que está a nome de ANTOXO, C.B. ao seu nome.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 11 de abril de 2011, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 11/04/2011, en relación coa solicitude presentada por D. FERNANDO REGUEIRA BLANCO, na data do 11/04/2011, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR ESPECIAL, sito na rúa José Abal Rúa, nº 82, baixo, Meira, pertencente a ANTOXO, C.B., teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFE-BAR ESPECIAL, sito na rúa José Abal Rúa, nº 82, Meira, pertencente a ANTOXO, C.B.. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 10 de marzo de 2008**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFE-BAR ESPECIAL sito na rúa José Abal Rúa, nº 82, Meira pertencente a **ANTOXO, C.B.** aprobada pola **Xunta de Goberno de data 10.03.2008**, a favor de **D. FERNANDO REGUEIRA BLANCO**.

7.- PROPOSTAS DE GASTOS

7.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	Adquisición de material eléctrico	DISGETEC, S.L..	1550 22115 RC 456	7.095,16 €
CULTURA - Biblioteca	Libros para biblioteca de Quintela e axencias municipais de lectura de Domaio e Tirán	NEAR, S.A..	3320 62500 RC 457	165,88 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

7.B) Co fin de acondicionar a capela de San Bieito, solicitouse autorización da Deputación pola proximidade da estrada provincial 1103.

Vista a liquidación da taxa da Deputación de Pontevedra por importe de 40,31 euros por ese concepto, identificación 1150111140, notificada a este Concello o 5 de abril de 2011,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011, acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectuou para este gasto na partidda 9200 22502,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto, e recoñecendo a obriga con cargo á partida 9200 22502 RC 455.

8.- PROPOSTAS DE GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DE LOCAIS

8.A) DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía de data 7 de abril de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados da parroquia de Meira.

Conforme coa cláusula décimosegunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc.

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de electricidade, as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. SDG S.A. por importe de 128,12 euros, correspondente ao período 17-02-2011 a 22-03-2011.

AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AUGA, S.A. por importe de 17,55 euros, correspondente ao 1º trimestre de 2011

Na súa consecuencia propono: o recoñecemento da obriga, polos importes e a favor das persoas que se relacionan, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica e consumo de auga, con cargo á partida orzamentaria 2310 20200.

PIDRE COBAS, Aurora	29,13 euros
PIDRE COBAS, Consuelo.....	29,13 euros
PIDRE COBAS, José.....	29,13 euros
PIDRE COBAS, María	29,13 euros
PIDRE COBAS, Teresa.....	29,13 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe total de 145,67 euros en concepto de consumo de enerxía eléctrica (17.02 a 22.03.11) e consumo de auga 1º trimestre 2011, con cargo a partida 2310 20200 – RC 454, a favor das persoas que se relacionan na proposta e pola contía que nela se desglosa.

8.B) DESTINADO A CENTRO CULTURAL DO REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 6 de abril de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado local socio-cultural de O Real

Conforme coa cláusula terceira do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc..

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de electricidade as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. SDG, S.A. por importe de 19,54 euros, correspondente ao período 18-02-2011 a 18-03-2011.

Na súa consecuencia propono: o recoñecemento da obriga, a favor de MANUEL SANTOMÉ GESTIDO, por importe de 19,54 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 3340 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 19,54 euros a D. MANUEL SANTOMÉ GESTIDO, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 3340 20200 RC 453.

9.- PROPOSTAS DE GASTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL)

9.A) Vista a memoria da técnica do SNL do 31 de marzo de 2011 sobre a campaña de dinamización lingüística no ensino para galeguizar o sector da hostalaría: GALIMÉNTATE, que concreta na acción *Recetas para a lingua*,

“Memoria

Campaña: Galiméntate

Acción I: **Recetas para a lingua**

INTRODUCCIÓN

Durante o curso escolar 2007/08 o IES A Paralaia, a través do seu Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, e o Concello de Moaña, a través do seu SNL, levaron a cabo a campaña *Galiméntate*, campaña de dinamización lingüística no sector da hostalaría. Nesta campaña

realizáronse unhas actividades e editáronse uns materiais que foron distribuídos entre o sector implicado durante os seguintes anos.

Para non caer no estancamento e seguir traballando en provocar cambios positivos cara a lingua neste sector, propomos realizar durante o curso escolar 2010/2011 unha nova fase desta campaña.

OBXECTIVOS XERAIS

Estabelecer redes de comunicación co sector hostaleiro que resulten rendíbeis no proceso de normalización da lingua e que senten as bases para a continuidade dos cambios.

Mellorar as actitudes lingüísticas do sector e da sociedade en xeral.

Provocar cambios perceptíbeis no uso da lingua.

Aprender a traballar en equipo.

Potenciar o noso sinal de identidade como atractivo fundamental de seu e asociado a uns produtos e a unha atención de calidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fornecer recursos que axuden a coñecer o vocabulario específico do sector da hostalaría.

Coñecer as ferramentas relacionadas coa lingua que ofrece a rede.

Aprender a xerar contidos galegos e en galego na rede.

Ofrecerlle ao sector hostaleiro os apoios necesarios para a súa galeguización.

Utilizar o lema da campaña como unha marca de calidade que agrupe a todos os sectores implicados.

DESTINATARIOS: o sector da hostalaría.

ACTIVIDADE

I. O alumnado do IES A Paralaia ponse en contacto cos hostaleiros de Moaña (bares de tapas, restaurantes, hamburguesarías...) para que estes acheguen unha receita que ofrezan nos seus locais. Para iso o alumnado disporá dunha ficha na que cubrirá o nome do establecemento, data da visita, enderezo, teléfono e correo electrónico, nome da persoa de contacto e observacións.

II. O alumnado traballa no centro escolar para redactar en galego cada prato. Deste xeito ponse ao día no vocabulario da gastronomía. O persoal docente do centro e o persoal do SNL asesoran e supervisan a actividade.

III. O conxunto das receitas iranse publicando no blog do IES A Paralaia e do SNL seguindo este esquema xeral:

Recetas para a lingua

1. Entrantes

2. Primeiro prato

3. Segundo prato

4. Sobremesa

5. Establecementos colaboradores

IV. O alumnado elabora unha relación de:

- *Materiais lingüísticos*: glosarios, léxicos...

- *Enlaces de interese*: directorio de páxinas en galego relacionadas coa hostalaría.

Para elaborar estas seccións, o alumnado realizará unha busca e baleirado de páxinas que existan na rede.

Por ser unha continuidade da campaña *Galiméntate* aproveitase o mesmo deseño como fondo e soporte da campaña.

Para complementar a actividade e como remate, repartiranse entre as persoas implicadas na actividade mandís e bolsas da compra co logotipo e o deseño da campaña. O IES da Paralaia encargárase do pagamento das bolsas da compra. O SNL, dos mandís segundo o orzamento que se achega:

Galiméntate Acción I: <i>Receitas para a lingua</i>	
250 Ud. de mandís de algodón deseñados co lema da campaña (IVE incluído)	597,08 €

PERIODIZACIÓN: curso escolar 2010/11

AVALIACIÓN

Antes de rematar o curso escolar, realizarase unha avaliación da actividade na que se valorará a consecución dos obxectivos e a implicación dos sectores. Proporanse as medidas correctoras, caso de necesitárense, cara á edición futura da actividade.

A técnica do SNL achega coa memoria orzamento de Fresa Azida-María Hernández por dito importe,

O día 28 de marzo de 2011 a Xunta de Goberno aprobou a programación do SNL, na que se incluía esta campaña,

Visto o informe da interventora do 4 de abril de 2011 no que indica que existe crédito suficiente ao que imputar ese gasto na bolsa de vinculación xurídica,

Vista a proposta do alcalde de aprobación deste gasto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto, imputándoo na bolsa de vinculación xurídica, aplicación 9200.22614 RC 451.

9.B) Vista a memoria da técnica do SNL do 31 de marzo de 2011 sobre a elaboración e mantemento do blog dese servizo, que di:

Un dos obxectivos da creación do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello de Moaña é difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego.

Para visibilizar o traballo do SNL en relación co obxectivo sinalado, o SNL traballa durante este ano 2011 na elaboración e difusión do labor desenvolvido nos últimos anos desde o propio servizo. Para iso, está a elaborar e deseñar un blog propio do SNL (que se pode atopar en snlmoanha.blogaliza.org; tamén hai un enlace directo desde a páxina web do Concello) cos obxectivos e función do SNL, como contactar, actividades de dinamización desenvolvidas, recursos lingüísticos que se poden atopar na rede (correctores, dicionarios, léxicos, manuais, tradutores...), programas relacionados coa formación (cursos de galego, probas...), ligazóns de interese etc. Todos estes contidos elabóranse e introdúcense no blog desde o propio SNL.

As e os usuarios potenciais do blog son, ademais do persoal propio do Concello, os membros do tecido asociativo de Moaña, o profesorado dos centros de ensino, o sector comercial e quen, de maneira particular, estea interesado no coñecemento da lingua galega.

Para promocionar o uso do blog do SNL entre as e os posibles usuarios, durante este ano o SNL realizará unha campaña de difusión das actividades, programas etc. que desde este servizo municipal se levan a cabo. Para iso, vanse editar unhas tiras adhesivas cun deseño que represente o SNL e no que se difunda o

endereço do blog. Estas tiras adhesivas distribuiranse entre os sectores antes nomeados e teñen o seguinte orzamento.

Orzamento

Elaboración e mantemento do blog do SNL	
1000 Adhesivos divulgativos.....	421,26 €

A técnica do SNL achega coa memoria orzamento de Fresa Azida-María Hernández por dito importe,

O día 28 de marzo de 2011 a Xunta de Goberno aprobou a programación do SNL, na que se incluía esta proposta de mantemento do blog,

Visto o informe da interventora do 4 de abril de 2011 no que indica que existe crédito suficiente ao que imputar ese gasto na bolsa de vinculación xurídica,

Vista a proposta do alcalde de aprobación deste gasto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto, imputándoo na bolsa de vinculación xurídica, aplicación 9200.22614 RC 450.

10.- CONVOCATORIA PARA O PAGO DO 3º TRIMESTRE ESCOLA DE MÚSICA

Visto o informe-proposta do director da Escola de Música Municipal do 11 de abril de 2011, que di:

CONVOCATORIA PARA O PAGO DA TERCEIRA TRIMENSUALIDADE DO ALUMNADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA CURSO 2010- 2011

Segundo os parámetros contempladas na ordenanza de prezos correspondente, procédese ó pago da cota do terceiro Trimestre co seguinte procedemento:

Do 25 de abril ó 11 de maio de 2011 formalizarase o pago das clases mediante o pago da cota correspondente ao 3º Trimestre do curso 2010-11 no número de conta do Concello de Moaña:

2080 0529 05 0040000800

Constará en concepto:

- | |
|--|
| <ol style="list-style-type: none">1. MUSICA - COTA 3º TRIMESTRE2. nome do alumno |
|--|

As contías ascenden a:

TIPO de COTA	SEN DESCONTO	DESCONTO 25%	DESCONTO 50%
TIPO FORMACIÓN	COTA TRIMESTRAL	COTA TRIMESTRAL	COTA TRIMESTRAL
INICIACIÓN MUSICAL	21€	15,75€	10,50€
INSTRUMENTO NIVEL 1 (1ª a 3º curso)	36€	27€	18€
INSTRUMENTO NIVEL 2 e 3 (4º a 8º)	42€	31,50€	21€

Do 25 de abril ó 11 de maio de 2011 o alumnado deberá presentar nas dependencias da Escola, en horario de 17:30h a 20:00h, o xustificante de pago, resguardo de cor amarelo, da oficina bancaria conforme as contías están pagas.

Asemade, o departamento de recadación emitirá unha relación de pagos da cota do 3º trimestre da Escola de Música actualizado a día 06 de Maio de 2011, para poñer en coñecemento da oficina da Escola de Música os alumnos que efectuaron o pago.

Adxunto este documento se inclúe listado de alumnos con dereito a formalizar o pago, no que se especifica nome de alumno, dos pais e o importe que lle corresponde pagar.

As reducións do importe de matrícula e a cota de primeiro trimestre se aplican segundo os parámetros recollidos na ordenanza reguladora de prezos e ascende a un 25% de redución nos casos de Familia numerosa ou alumnos/as a matricular con 1º grao de consanguinidade (irmá/ns ou pai/nai/fillo) e dun 50% nos casos en que o departamento de Servizos Sociais do Concello emitiu un informe favorable por ingresos moi reducidos en relación ó indicativo IPREM de revisión anual. Neste último caso os alumnos son:

...

Visto o listado de alumnos/as que acompaña o informe, o cal comeza por Agra Currás, Sara Ariadna e remata por Veleiro Carril, Uxía,

Acordado en Xunta de Goberno do 31 de xaneiro de 2011 que a D. Roberto González Montero se lle compensaría neste trimestre a contía que pagou de máis por Cristina e Nuria González Miranda, xa que pagara 60 euros cando a cota polas dúas era de 42,75 euros-,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a apertura do prazo de pagamento do terceiro trimestre da Escola Municipal de Música, curso 2010-2011, e o listado de alumnos con dereito a formalizar o pago, no que se especifica o nome do/a alumno/a, dos pais e nais, e o importe que lle corresponde pagar.

11.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

...., funcionario do Concello, solicita o día 1 de abril de 2011 un anticipo reintegrable de dúas mensualidades para devolver en catorce meses.

O comité informa favorablemente o día 5 de abril,

Visto o informe da técnica de RRHH do 5 de abril de 2011, favorable á concesión dun anticipo reintegrable de 1.330,50 euros, a devolver nun prazo de 14 mensualidades,

Visto o informe da interventora municipal do 8 de abril de 2011, favorable á concesión con cargo á aplicación 9200.83090,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a, o anticipo solicitado de 1330,50 euros, reintegrables en 14 mensualidades, con cargo á aplicación 9200.83090 RC 461.

12.- CURSO DE PINTURA 2010-2011: TERCEIRO TRIMESTRE

A Xunta de Goberno, por acordo do 23 de agosto de 2010, aprobou a programación do Curso de Pintura 2010-2011,

Vista a proposta na que detalla a listaxe de alumnos admitidos para o terceiro trimestre do curso (abril-maio de 2011), cun prezo total xeral de 48 euros (24 € x 2 meses), e de 40 € (20 euros x 2 meses) aos socios das ANPAS.

Persoas adultas admitidas (48€)		
Apelidos e nome		
ALONSO PORTELA, M ^a CARMEN		
ANTEPAZO FANDIÑO, M ^a CONCEPCIÓN		
CHAPELA PIÑEIRO, ÁGUEDA		
COLLAZO GESTIDO, DORA		
COLLAZO GESTIDO, ISABEL		
DEL RÍO RIOBÓ, ALIA		
GIRONDO COLINAS, MAGDALENA		
GONZÁLEZ MARTÍNEZ, FERNANDA		
JALDA BUDIÑO, M ^a TERESA		
MARTÍNEZ DEL RÍO, M ^a ISABEL		
PAREDES BOUBETA, M ^a JESÚS		
RÚA ESTÉVEZ, M ^a BEATRIZ		
SANTOMÉ LEMOS, ANDREA		
SIERRA CASTELO, RENATA		

SOLLA, ALEJANDRO		
VÁZQUEZ CERMEÑO, ROSARIO		
SANTOMÉ ROMERO, MARÍA		

Persoas menores de idade admitidas (40€)		
B. CH., ELSA		
C. C., CARMEN		
D.A., MARINA		
R. P., CLAUDIA		
J. P., ADRIANA		
M. P., ADRIANA		
P. S., MARTA		
P. P., NOAH		
P. V., ANDREA		
T. C., NOA		

A Xunta de Goberno acorda aprobar a relación definitiva das persoas inscritas no 3º trimestre do curso de Pintura 2010-2011, as cales deberán realizar o pagamento do **15 de abril ao 15 de maio de 2011**, e trasladarlle o acordo á Recadación.

13.- CERTIFICACION DE OBRA “REFORMA DE CAMPO DE FUTBOL DE DOMAIO”

Dáse conta da certificación nº 8-final da obra “REFORMA DE CAMPO DE FUTBOL DE DOMAIO” presentada pola Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. en data 7 de abril de 2011, asinada polo técnico director Jose Luis Domínguez González así como da factura número 92 de data 07/04/2011, por importe de 13.439,42, IVE incluído.

Informa a interventora municipal, en data 11 de abril de 2011, que non consta a documentación esixida pola cláusula 33.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 8-final de data 07/04/2011, por importe de 13.439,42 euros da obra “Reforma de campo de fútbol de Domaio” requirindo a incorporación ao expediente a incorporación do informe do director das obras sobre a subcontratación antes de proceder ao pago.

Segundo: Aprobar a correspondente factura nº 92 de data 07/04/2011 a nome da empresa adxudicataria, Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L., polo mesmo importe de 13.439,42 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.63201.

14.- CERTIFICACION DE OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO SOCIOCULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

En data 18 de marzo de 2011 a empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A presenta certificación nº 5 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, asinada polo director de obra D. Rodrigo Currás Torres, así como da factura nº 89/2011 de data 28/02/11, por importe de 18.213,22 euros, IVE incluído.

Visto o informe favorable da interventora municipal, de data 6 de abril de 2011, á aprobación da certificación nº 5, no que sinala que antes do pago material debe incorporarse informe que reflecta a porcentaxe subcontratada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 5 de data 28 de febreiro de 2011 e por importe de 18.213,22 € da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” .

Segundo: Aprobar a factura nº 89/2011 de data 28/02/11 presentada pola empresa adxudicataria JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A por importe de 18.213,22 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3340.62201.

15.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA

Dª Ana Ríos Trigo, por escrito do 09.03.11, solicita a devolución da fianza depositada para responder dos gastos de urbanización do expte. de obras 210/08;

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico, datado o 11 de abril de 2011,

Visto o informe da tesoureira do 11 de abril de 2011, no que indica que comprobou o depósito da fianza (núm. de documento 2008-731-0), que non consta a súa devolución e que dado o contido do informe do arquitecto municipal, **informa favorablemente a devolución** da fianza correspondente, por importe de 513,00 euros, a favor de ANA RÍOS TRIGO (NIF ...) e JOSÉ RÍOS ESTÉVEZ (NIF ...). Indica que a tal efecto, será preciso que os interesados presenten no rexistro do Concello de Moaña e dirixido á Tesourería o certificado de titularidade da conta bancaria na que se deba facer efectiva a devolución, da que ambos deberán ser titulares.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda proceder á devolución solicitada nos termos recollidos no informe da tesoureira.

16.- SOLICITUDE DE COMPROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN

D. José Ramón Iglesias Rodríguez, por escrito do 7 de abril de 2011, expón que examinada a liquidación efectuada no recibo 111940 correspondente ao expte 68/2010, solicita que se comprobe a corrección das operacións. Achega nº de conta e copia do recibo.

Visto o informe da tesoureira municipal de data 8 de abril de 2011, que logo de recoller a lexislación e normativa indicada, indica:

ANTECEDENTES.

O 8 de abril, achégase a solicitude referenciada xunto coa copia do recibo núm.111940, correspondente ó expediente ref.:68/2010, no que se liquidan os seguintes importes, desglosados por concepto tributario:

- Imposto sobre construcións ,instalacións e obras (ICIO) :2.635,52 euros
- Taxa por de licenzas urbanísticas:329,44 euros
- Taxa por conexión á rede de sumidoiros:180 euros
- Cartel de obra:110 euros

Recibida a solicitude indicada,solicítase ó Departamento de urbanismo o expediente de obra ref.:68/2010,no que se recolle un presuposto de execución material por importe de 100.000,00 euros e un presuposto por contrata por importe de 131.776,00 euros

INFORME

No que atinxe á taxa por conexión á rede de sumidoiros,e á correspondente ó suministro do cartel de obra,non procede facer observación algunha posto que en ambos casos se trata de taxas cuns importes fixos que se corresponden cos efectivamente liquidados no recibo examinado (180 e 110 euros, respectivamente).

Polo que respecta ó ICIO e á taxa por licenzas urbanísticas,examinada a documentación referenciada nos antecedentes, tense constatado a incorrección da liquidación practicada no recibo 111940. En ambos casos tense considerado como base imponible o presuposto por contrata en lugar do presuposto de execución material,tal e como se indica tanto no artigo 102 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, como nos artigos a 3 e 4, respectivamente, das ordenanzas municipais reguladoras dos conceptos tributarios indicados.

Operada a liquidación sobre a base imponible correcta ,resulta unha cuota de ICIO de 2.000 euros e unha taxa de 250 euros, polo que deberá procederse á devolución de ingresos indebidos polos seguintes importes:

- Imposto sobre construcións ,instalacións e obras (ICIO): $2.635,52-2.000,00= 635,52$ euros
- Taxa por de licenzas urbanísticas: $329,44-250,00=79,44$ euros

TOTAL:714,96 euros

Cómpre salientar así mesmo que de acordo co establecido no artigo 32.2 da LXT “Con la devolución de ingresos indebidos la Administración tributaria abonará el interés de demora sin necesidad de que el obligado tributario lo solicite. A estos efectos, el interés de demora se devengará desde la fecha en que se hubiese realizado el ingreso indebido hasta la fecha en que se ordene el pago de la devolución.”

Por aplicación do artigo transcrito, o importe da devolución inicialmente calculado, 714,96 euros, deberá incrementarse nun 5% de interese de demora polo período transcorrido entre o 20 de maio de 2010 e o 11 de abril de 2011 (data na que, previsiblemente, a Xunta de Goberno Local acordará a devolución). Así pois, o importe total a reintegrar será de 747,87 euros (714,96 euros + 32,91 euros de intereses de demora)

En base ó anteriormente exposto, esta Tesourería informa favorablemente a devolución dun importe total de 747,87 euros (79,44 euros da taxa por licenzas urbanísticas; 635,52 euros de ICIO e 32,91 euros de intereses de demora), a favor de Ramón Iglesias Rodríguez NIF ...

A Xunta de Goberno Local, unha vez comprobada a liquidación efectuada, acorda a devolución de 747,87 euros (79,44 euros da taxa por licenzas urbanísticas; 635,52 euros de ICIO e 32,91 euros de intereses de demora), a favor de Ramón Iglesias Rodríguez

17.- BASES E CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN DE TÉCNICO(S) DE TURISMO

Vistas as bases propostas para a confección dunha lista para posíbeis contratacións de persoal para a oficina de información turística do Concello de Moaña, que din:

BASES XERAIS E CONVOCATORIA PARA A CONFECCION DUNHA LISTA PARA POSÍBEIS CONTRATACIÓNS DE PERSOAL PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE MOAÑA

PRIMEIRA: OBXECTO

Para poñer en funcionamento as oficinas de información turística, o Concello pretende facer unha lista, por orde de puntuación, para posíbeis contratacións como persoal informador turístico que desenvolverá actividades de información e promoción turística do Concello.

Duración do contrato: 3 meses.

Tipo de contrato: Contrato de traballo de duración determinada.

Xornada laboral: 35 horas semanais de luns a domingo.

Retribucións: 827,42 euros brutos mensuais

SEGUNDA: CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as á realización das probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, os/as candidatos/as que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán acreditar os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

e) Estar en posesión do título de diplomado en turismo ou ciclo superior en información e comercialización turística. Tamén poderán concorrer ao proceso selectivo as e os estudantes destas dúas especialidades formativas.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Todos os requisitos anteriores deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo de presentación das solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

TERCEIRA: SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo desta convocatoria deberán facelo constar mediante unha solicitude dirixida ao Sr. alcalde – presidente da Corporación, na que constarán, polo menos, os datos persoais da persoa que solicita co seu enderezo e a denominación da praza ou posto ao que opta, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Moaña.

Para ser admitidos/as nas probas selectivas correspondentes os/as aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes será de dez días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación das presentes bases.

As persoas aspirantes achegarán nas solicitudes a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI debidamente compulsada.

-Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.

-Fotocopia compulsada da titulación esixida ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición desta, ou ben documentación acreditativa de estar cursando estudos de diplomatura en turismo ou ciclo formativo superior de información e comercialización turística.

-Fotocopia compulsada da documentación acreditativa da experiencia.

-Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

-Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.

-Declaración xurada de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartados d) e f) sen prexuízo, se é o caso, de ter que acreditarlo, tamén de xeito documental, se así o solicitase o Tribunal.

A presentación das solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Moaña, ou en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/92. As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello de Moaña deberán enviarse vía fax ao Concello (986310104), debidamente seladas, antes da fin do prazo para a presentación de solicitudes.

CUARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo dos dez días hábiles sinalados para presentar as solicitudes, o alcalde ditará resolución na que declare aprobada a listaxe de persoas admitidas e excluídas, especificando, se é o caso, as causas da exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, se for o caso, o defecto que motivase a exclusión. A listaxe provisional declararase definitiva transcorrido o prazo de reclamacións, se non as houberse. No suposto de que se produzan reclamacións, deberá ditarse unha nova resolución estimatoria ou desestimatoria coa publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

1. Valoración de currículos, 20% da puntuación. Os méritos valoraranse da seguinte forma:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 1 punto.

Por cada mes de traballo acreditado en posto similar ao que aspira.....0,05 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante fotocopia compulsada de contratos ou certificacións oficiais na que se fará constar o posto de traballo e a categoría profesional que desempeñou, así como o cómputo total dos meses traballados e a vida laboral actualizada.

- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 0,90 puntos.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta, incluídos os cursos de idiomas:

ata 30 horas0,10 puntos.

de 30 a 100 horas.....0,20 puntos.

de 101 a 200 horas 0,30 puntos.

máis de 200 horas.....0,40 puntos.

ciclo superior en turismo 0,50 puntos.

diplomatura en turismo 0,60 puntos.

- Cursos de galego, impartidos, organizados ou homologados pola Xunta de Galicia. Máximo 0,10 puntos:

Celga 30,05 puntos.

Celga 40,10 puntos.

Os cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. Só se valorarán os cursos de idiomas con titulación específica e diferenciada, non as materias dentro doutra titulación.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 2 puntos.

A valoración de currículos publicarase o día anterior ao de realización do primeiro exercicio.

2. Exame tipo test, 50% da puntuación. Máximo 5 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con tres posíbeis respostas alternativas, das que só unha poderá ser correcta. O tempo máximo será de 20 minutos. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada e non se puntuarán as preguntas non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de 0 (cero) a 5 (cinco) puntos, e será necesario para superalo obter unha puntuación mínima de 2,5 (dous con cinco) puntos.

O exame versará sobre as materias seguintes:

Tema 1.- Disposicións e actos administrativos segundo a Lei 30/1992.

Tema 2.- Disposicións xerais sobre procedementos administrativos segundo a Lei 30/1992.

Tema 3.- O municipio segundo a Lei de bases de réxime local.

Tema 4.- Deseño e comercialización de produtos turísticos locais e rexionais.

Tema 5.- Asistencia e guía de grupos.

Tema 6.- Produtos e destinos turísticos nacionais e internacionais.

Tema 7.- Coñecemento do Concello de Moaña e os seus recursos turísticos.

Tema 8.- Principais estruturas de organización e información turística en Moaña e en Galicia.

3. Tradución de inglés, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

O exercicio consistirá en traducir un texto do galego ao inglés nun tempo máximo de 60 minutos.

A data, hora e lugar das probas publicarase conxuntamente co listado definitivo de persoas admitidas e excluídas.

SEXTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

As persoas integrantes do tribunal cualificador serán as seguintes:

Presidente: Manuel Pérez Rúa. Coordinador cultural.

Secretario: Un/unha funcionario/a do Concello.

Vogais:

-Técnico/a de Turismo enviado/a polo Padroado Rías Baixas.

- Un/unha vogal nomeado/a polo alcalde-presidente.

- Un/unha vogal nomeado/a polo alcalde-presidente por proposta do Comité de Persoal.

O tribunal poderá incorporar nos seus traballos a asesores/as especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle; estes/as limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉTIMA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador enviaralle ao órgano competente a lista aprobada por orde de puntuación. No momento en que sexa necesaria a contratación dalgún informador/a, chamaranse por orde de puntuación e pasarase ao seguinte no caso de que algún estea traballando ou renuncie. Esta lista tamén pode ser utilizada no caso de baixas, vacacións ou por reforzo do servizo.

OITAVA: PUBLICIDADE

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña e un anuncio destas publicarase nun dos diarios de máxima difusión no ámbito provincial.

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos de procedemento de selección dos funcionarios da Administración local, no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado, provisión de postos de traballo e promoción profesional, no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e nas demais disposicións legais aplicábeis.

Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do tribunal segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Visto o informe do secretario municipal do 4 de abril de 2011,

Visto o informe da interventora municipal do 8 de abril de 2011, no que emite reparo pola falta de motivación no expediente da necesidade ou urxencia que xustifica a contratación temporal e polo establecido no artigo 23 da Lei 39/2010, de orzamentos xerais do Estado para 2011, que sinala que durante este ano non se procederá á contratación de persoal temporal agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola interventora municipal posto que non se está autorizando ningunha contratación senón simplemente regulando a confección dunha listaxe para posibles contratacións. De se producir no futuro calquera contratación con base na listaxe elaborada, deberán seguirse as instrucións da Intervención municipal.

Segundo: Aprobar as bases na redacción proposta e proceder á súa convocatoria.

18.- MODIFICACIÓN NO SAF

Visto o informe da traballadora social do Concello de data 11 de abril de 2011 sobre modificación no servizo de axuda no fogar, que di:

....
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as modificacións no SAF nos termos sinalados no informe da traballadora social.

19.- PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS 2011

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 8 de abril de 2011, que textualmente di:

SOBRE SOLICITUDES Á XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS, dada conta a orde do 3 de marzo DE 2011.(D.O.G. nº 62 do 29 de marzo de 2011), pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria, PROPONSE:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da orde expresada, as seguintes axudas para Servizos Sociais de Comunitarios, de conformidade co artigo 3, aptdo. 1 da orde:

RETRIBUCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO AOS SERVIZOS SOCIAIS:	110.680,58 €
MANTEMENTO	1.500,00 €
XESTIÓN E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS SOCIAIS COMUNITARIOS	23.360,00 €
AXUDA NO FOGAR	
- Prestación básica	35.000,00 €
- Persoas dependentes	307.448,21€
IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	477.988,79 €

SEGUNDO: Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condición que o ano anterior.

TERCEIRO: O Concello comprométese a cofinanciar o mntemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2011 na contía de 177.883,23 €, que supón unha porcentaxe do 37% sobre o orzamento total do proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: Aprobar a proposta da traballadora social nos seus xustos termos.
Segundo: Remitir o expediente ao Pleno da Corporación para a ratificación do acordo.

20.- BAIXA DO PADRÓN DE SANEAMENTO

D. Ventura Riobó Vieitez, por escrito do 11 de febreiro de 2011, indica que lle chegan recibos de taxas de saneamento pola vivenda situada en Palmás, 38, na que viviu de aluguer e na que xa non vive dende o ano 2004.

Visto o informe emitido polo inspector-xefe da Policía local o día 31.03.2011, no que consta:

En Palmás 38 hai unha vivenda deshabitada desde o ano 2004 e que resultou ser propiedade de Fernando López Sánchez con domicilio en Hospital nº 44, C.P. 45950 Casarrubias del Monte. Toledo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se dea de baixa do padrón de saneamento a D. Ventura Riobó Vieitez pola vivenda situada en Palmás, 38, e que se lle este acordo notifique a AQUALIA.

21.- VADOS

D. LUIS LEMOS, como presidente da COMUNIDADE DE MONTES DE MEIRA solicita un vado permanente no Forte s/n - Moureira. Presenta recibo de pago de 89,25 euros (18 € taxas, 56,25 € pasaxe permanente e 15 € do sinal)

Visto o informe do xefe da Policía Local do 25.03.11 que indica que *dito local dispón dunha entrada de 3 metros de ancho, polo que se accede dende a vía pública e onde gardan un vehículo.*

Visto o informe do inspector de obras do día 4 de abril de 2011 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado pola COMUNIDADE DE MONTES DE MEIRA, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 89,25 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

22.- PADRÓN POSTOS AMBULANTES EN TERREO DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL: 2º TRIMESTRE

Vista a proposta da Alcaldía do 11 de abril de 2011, que di:

En uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobación do padrón correspondente ao segundo trimestre da TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS AMBULANTES EN TERREO DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

Ref.	OBRIGADO	NIF	ENDEREZO	Nº MERCADOS	TAXA(E)	METROS
------	----------	-----	----------	----------------	---------	--------

RELACION DE POSTOS NO
MERCADIÑO

1	AIDARA NDOYE	AVD SANJURJO BADIA, 214 1º B – 36207 VIGO	13	81,9	7
2	JOSEFA FREIRE MARTINEZ	BARO QUINTELA, 164	26	140,4	6
3	MAQ. AGRICOLA CARPINTERO, S.L..	EL VISO- SARAMAGOSO, 34 – REDONDELA	13	70,2	6
4	ANTONIO CASTRO GOMEZ	AV. DE VIGO, 173 2ºD – CHAPELA – REDONDELA	13	35,1	3
5	Mª MERCEDES MALLO LAGOA	AV. DE MOAÑA, 30 – 36940 CANGAS	26	93,6	4
6	Mª ELISA GIRALDEZ PEÑA	O CASAL, 28-B , MOAÑA	26	93,6	4
7	JULIO LOPEZ VIVES	BROULLON, 15-C – MOAÑA	26	140,4	6
8	ELENA RODRIGUEZ GONZALEZ	RUA ALFREDOSARALEGUI, 4 – 36940 CANGAS	13	70,2	6
9	MBAYE DIOP	RUA MAESTRO CHANE, 8 – 36206 VIGO	13	46,8	4
10	JOSE MANUEL PARCERO PEREZ	RAPADOURO, ESP. SANTO, 2 36947 CANGAS	13	140,4	12
11	JUAN LUIS PASTORIZA RODRIGUEZ	CL QUINTELA, 61 – 36950 MOAÑA	26	187,2	8
12	AURORA FRANCO BLANCO	LG A TRAIÁ, NERGA, HIO, 29 – 36948 CANGAS	13	93,6	8
13	ENCARNACION ALVAREZ GAYO	LG BELOSOCÉLA, 18 – 36930 BUEU	26	210,6	9
14	NIEVES GARCIA SOTO	AVD. DE VIGO, 102-B – 36320 REDONDELA	13	70,2	6
15	Mª DOLORES GOMEZ SILVET	LG LOIRA- SEIXO, 84 – 36913 MARIN	13	93,6	8
16	EL MAHJOUB DAREME	RUA ACUÑA, 38 – 36140 VILABOÁ	26	117	5
17	Mª DEL PILAR DURAN MIRANDA	LG A BOUZA, 25 – 36950 MOAÑA	26	374,4	16
18	JOSE Mª CASTRO SESSE	LG EL PUENTE, CANABAL, 13 – SOBER - LUGO	13	23,4	2
19	MARIA DA SILVA MIRANDA	RUA NORTE, 80 BX – 36930 BUEU	13	93,6	8
20	ROSA MARIA CALVAR MARTINEZ	RUA BATALLA DE CALLAO, 4-C – 36959 MOAÑA	26	187,2	8
21	PILAR GONZALEZ COSTA	RUA DO PICO, RIBEIRA, 58, MEIRA- 36955 MOAÑA	26	257,4	11
22	FRANCISCO L. POUSSADA PASTORIZA	RUA CASTEJON PITEIRO, 8 – 36900 MARIN	13	93,6	8
23	LAURA DOMINGUEZ GIL	RUA ARXENTINA, 4-36470 SALCEDA DE CASELAS	26	187,2	8
24	NDIAGA DIA FALL	RUA GAITEIRO DE SOUTELO, 6 2º – 36002 PONTEVEDRA	26	140,4	6
25	MIMOS C.B. CANGAS	LG GRUNCHEIRAS- COIRO, 26 – 36947 CANGAS	26	187,2	8
26	PEDRO RODRIGUEZ GONZALEZ	RUA SETE ESPADAS, 152 – 36900 MARIN	26	234	10
27	JOSE ANTONIO CHAPELA GONZALEZ	RUA O REDONDO, 95 – 36950 MOAÑA	13	140,4	12
28	MOR MBOW	AVD RAMON NIETO, 288 1º - 36205 VIGO	13	58,5	5
29	ABDELKRIM ABKARI BANNAJAH	OUTEIRO BERTOLA, 8 – 36140 VILABOÁ	26	140,4	6
30	Mª FABIOLA VAZQUEZ MALDONADO	RUA SAN JOSE, 3 – 3º - 36940 CANGAS	26	187,2	8
31	CARMEN COVELO MARINO	LG LOMBA, 41 – 36866 PONTEAREAS	26	93,6	4
32	Mª INES PASTORIZA CARBALLO	RUA FRAGATA ALMANSA, 32, 1º F – 36950 MOAÑA	13	93,6	8
33	Mª ROSA VARELA GONZALEZ	LG FONTE OESTE, 1 – 36900 MARIN	26	187,2	8
34	MANUELA GONZALEZ MALVIDO	LG BANDA DO RIO, 69 – 36930 BUEU	26	93,6	4
35	PAULA MARCOS GIL	LG AMEIXOADA, 15 - 36954 MOAÑA	26	210,6	9
36	ANA MARCOS GIL	LG AMEIXOADA, 45 – 36954 MOAÑA	13	70,2	6
37	Mª CARMEN BASTON PEREZ	LG XEISIDES, 2 - 36930 BUEU	26	234	10

38	Mª DEL PILAR PORTELA SUAREZ	LG QUINTELA, 150 - 36950 MOAÑA	26	257,4	11
39	CELESTINO CAMPOS MONTERO	JUAN FUESTES, 6 – 36650 CALDAS DE REIS	13	117	10
40	MARIA ALDORA AMADOR	RUA URZAIZ, 114 7º C – 36205 VIGO	26	187,2	8
41	ANA Mª IGLESIAS GONZALEZ	RUA DERRIBO, 32 – 36940 CANGAS	26	140,4	6
42	SONIA GONZALEZ RODRIGUEZ	AVD CAMELIAS, 71 4º A2 – VIGO	13	46,8	4
43	ISABEL GIL VILLAR	RUA MALLO, 1 BX - 36900 MARIN	13	46,8	4
44	Mª ISABEL ARRIBAS PAZ	AVD DE FERROL 56 BX PORTA A – 36156 PONTEVEDRA	13	70,2	6
45	JOSEFA DURAN MIRANDA	LG AMEIXOADA, 103 – 36954 MOAÑA	26	234	10
46	RICARDO GONZALEZ CARBALLO	AVD ROSALIA DE CASTRO, 104 P 4ªA – 36900 MARIN	13	70,2	6
47	JAVIER FREIRE PASTORIZA	AVD AGRELO, 34 – 36938 BUEU	26	187,2	8
48	IRIA FANDIÑO SANTOS	RUA ALFONSO RGUEZ CASTELAO, 12 1º – 36930 BUEU	13	93,6	8
49	RAMIRO TORRON FERREIRO	RUA PITANXO, 18 - 36900 MARIN	13	46,8	4
50	Mª LOURDES GUTIERREZ GARCIA	LG CARRASQUEIRA, 12 2º A – 36930 BUEU	26	140,4	6
51	MOUSTAPHA LO	RUA P. FERNANDO OLMEDO, 36 4º – 36002 PONTEVEDRA	13	58,5	5
52	TUULA MARJATTA AHOLA RISSANEN	POUSADA ,17 SAN ADRIAN – 36141 VILABOA	26	234	10
53	SOL DE AMERICA PEÑA RODRIGUEZ	LG A GANDARA, SEARA, 75 – 36950 MOAÑA	26	234	10
54	JUAN M. PENA PUENTES	AVD FERNANDEZ LADREDA, 15 7ºB – 36001 PONTEVEDRA	26	187,2	8
55	FLOREANO SEOANE PATEIRO	LG POUSIÑO, 26 - 36800 REDONDELA	13	70,2	6
56	MOUSTAPHA EZZAARI	PLG PAREDES, 39 2º B – 36000 VILABOA	13	70,2	6
57	EL HADJI FALL	RUA MAESTRO CHANE, 8 2º I – 36206 VIGO	13	46,8	4
58	GERARDO GOMEZ ALVAREZ	RUA PEPE CASTRO, 40 – 36205 VIGO	13	117	10
59	MASSE FALL	RUA ISAAC PERAL, 4 1º c – 36202 VIGO	13	58,5	5
60	Mª CONSUELO BLANCO CASAL	LG MUIÑO- SANTA CRISTINA, 23 – 36141 VILABOA	13	70,2	6
61	Mª DEL PILAR PEREZ GONZALEZ	RUA DO SOUTO, 15 – 36600 VILAGARCIA DE AROUSA	13	58,5	5
62	AGUSTIN CORTEGOSO JUNCAL	LG BOUZA- SAN JULIAN, 21 – 36900 MARIN	26	117	5
63	JOSE LOPEZ PEREZ	RUA DO GAITEIRO DE SOUTELO, 1 2º A – 36004 PONTEVEDRA	13	70,2	6
64	MAME SAFFI FALL	RUA CONDE TORRECEDEIRA, 48 – 4º E – 36201 VIGO	13	58,5	5
65	DAME BAMBA SARR	RUA TRAVESIA DE VIGO, 104, 1º A – 36206 VIGO	13	58,5	5
66	KOUDIA DIOP	RUA ENRIQUE LORENZO, 3 4º I – 36202 VIGO	26	93,6	4
67	MOUSTAPHA FALL NDIAYE	RUA COUTADAS TEIS, 11 – 36200 VIGO	13	58,5	5
68	MATAR FALL	RUA MJESTRE CHANE, 8 2º-I 36206 VIGO	26	140,4	6
69	HERMILINDA CAMIÑA OTERO	SAR, BELUSO, 14-A – 36939 BUEU	13	105,3	9
70	ABIBOU FALL KA	BAIX. MESTRE CHANE, 8 5º I - 36206 VIGO	26	93,6	4
71	MBALLO YADE	RUA MESTRE CHANE, 8 5º I – 36206 VIGO	13	128,7	11
72	Mª CARMEN VIEITEZ SOTELO	CERRT. VISO A VILANOVA, HIO, 20 – 36948 CANGAS	26	234	10
73	PURIFICACION GONZALEZ FERNANDEZ	RUA SAN CIBRAN, 57, BLQ.A 36389 GONDOMAR	13	46,8	4

74	FCO. JAVIER GONZALEZ ALVAREZ	MONTE CURRAS, 23 – 36740 TOMIÑO	13	93,6	8
75	ROKHAYA BIAYE	SANTA TECLA, 44 BX D – 36207 VIGO	13	46,8	4
76	AGROCAR S.C. REDONDELA	COSTEIRA, QUINTELA - 36800 REDONDELA	13	70,2	6
77	WADE MOR	RUA MESTRE CHANE, 8 5º I – 36206 VIGO	13	46,8	4
78	SALIOU TOURE	RUA MESTRE CHANE, 8 5º I – 36206 VIGO	13	46,8	4
79	NDONGO PENE	RUA MESTRE CHANE, 8 5º I – 36206 VIGO	13	46,8	4
80	FALEH ZS ALGASHAMEY	RUA RABADEIRA CANABAL, 12 – 36800 REDONDELA	13	46,8	4
81	Mª CARMEN FREIRE MARTINEZ	FONTES, TIRAN, 195 – 36950 MOAÑA	13	70,2	6
82	JESUS MANUEL CALO ALVAREZ	QUINTELA, 219 – 36950 MOAÑA	26	70,2	3
83	JOSE SANTOS CHAPELA	RUA CHANO PIÑEIRO, 9 5º A - VIGO PONTEVEDRA	13	93,6	8
84	AMADOU MANSOUR DIEYE	AVDA DE VIGO, 2 1ºD - CANGAS PONTEVEDRA	26	163,8	7
85	OLGA FLORES MARQUEZ	RUA GALICIA, 24 2º B - 36450 SALVATERRA - PONTEVEDRA	26	117	5
86	MANUEL GARCIA MANEIRO	RUA PEREIRO DO VILLAR- BAMIO - 36618 VILAGARCIA	11	99	10
87	MAMADOU NDOYE	RUA MANUEL DE CASTRO, 4 4ºF 36210 VIGO	11	49,5	5

COOP. RIAS LACHAN GALICIA S.G.C.		RUA OPORTO, 15 OFC. 2 – 36201 VIGO	13	877,5	75
----------------------------------	--	------------------------------------	----	-------	----

TRABALLADORES

- 1 JAVIER MONTOYA ROSILLO
- 2 ANGEL ESCUDERO JIMENEZ
- 3 RAFAEL MOTOS FERNANDEZ
- 4 RAMON SALAZAR JIMENEZ
- 5 ENRIQUE BORJA SALAZAR
- 6 ENRIQUE DUVAL JIMENEZ
- 7 ISRAEL MOTOS FERNANDEZ
- 8 SARA DUVAL BORJA
- 9 LUIS NATAEL JIMENEZ LEON
- 10 CARMEN DUVAL SALAZAR

COOP.LANDGRAVE, S.C.G.		RUA OPORTO, 15 OFC. 2 – 36201 VIGO	13	877,5	75
------------------------	--	------------------------------------	----	-------	----

TRABALLARORES:

- 1 PILAR ROSILLO ROSILLO
- 2 PEDRO ROMERO JIMENEZ
- 3 MIGUEL ANGEL GIMENEZ HERNANDEZ
- 4 Mª VICTORIA DUVAL HERNANDEZ
- 5 JOSE JIMENEZ HERNANDEZ
- 6 JUAN PAOLO JIMENEZ JIMENEZ
- 7 SINAI GIMENEZ JIMENEZ
- 8 DEVORA JIMENEZ JIMENEZ
- 9 ANTONIO JIMENEZ PISA
- 10 MARINO JIMENEZ JIMENEZ
- 11 MIRYAM FERNANDEZ JIMENEZ

COOP. CUATRO GATOS, S.C.G.	RUA CANDO, 1 – OFIC-F – 36400 PORRIÑO	13	877,5	75
----------------------------	--	----	-------	----

TRABALLADORES:

- 1 OSCAR JAVIER ESCUDERO JIMENEZ
- 2 RAMON SALAZAR SALAZAR
- 3 SAUL GIMENEZ JIMENEZ
- 4 PASCUAL JIMENEZ PEREZ
- 5 RAMON JIMENEZ SALAZAR
- 6 Mª PURIFICACION DUVAL HERNANDEZ
- 7 JOSUE FERNANDEZ FERREDUELA
- 8 NICOLAS ESCUDERO JIMENEZ
- 9 LUIS LEON SALAZAR
- 10 JOSA ANGEL JIMENEZ BORJA
- 11 ANTONIO ESCUDERO JIMENEZ

COOP. BESBELLO, S.C.G.	RUA CANDO, 1 – OFIC-F – 36400 PORRIÑO	13	877,5	75
------------------------	--	----	-------	----

TRABALLADORES:

- 1 Mª SORALLA JIMENEZ FERREDUELA
- 2 DIEGO ESCUDERO GIMENEZ
- 3 Mª AMELIA CAMACHO MONTEIRO MAIA
- 4 ALIOUNE FALL THIONGANE
- 5 FAUSTINO JIMENEZ ESCUDERO
- 6 YOANA DUVAL SALAZAR
- 7 SAMUEL JIMENEZ JIMENEZ
- 8 ENRIQUE DUVAL SALAZAR
- 9 SUSANA BORJA AMAYA
- 10 ANTONIO SALAZAR SALAZAR

COOP. VEAMGI, S.C.G.	RUA OPORTO, 15 OFC. 2 – 36201 VIGO	13	877,5	75
----------------------	------------------------------------	----	-------	----

TRABALLADORES:

- 1 ANA GABARRES DIAZ
- 2 EMILIO JIMENEZ JIMENEZ
- 3 OLEGARIO JIMENEZ SALAZAR
- 4 MANUEL DUVAL JIMENEZ
- 5 JOSE RAMON FERNANDEZ SALAZAR
- 6 RUBEN FERNANDEZ FERREDUELA
- 7 EUSEBIO DUVAL GOMEZ
- 8 FERNANDO JIMENEZ DUVAL
- 9 ANGEL JIMENEZ SALAZAR
- 10 MARIA DEL MAR CAMACHO GABARRI

TOTAL	14469,3
-------	---------

2.- Someter a exposición pública o padrón, mediante publicación de anuncio no taboleiro do Concello, e pasalo ó cobro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

23.- SOLICITUDES POSTOS VENDA AMBULANTE

Vistas as dúas solicitudes para ocupar postos no mercadiño feitas respectivamente por D^a María Begoña Pérez Pombo e D^a Sandra Vicedo Vicedo,

Vistos os informes do 11 de abril de 2011 do encargado do mercadiño que recolle que as solicitudes presentan a documentación necesaria para exercer a actividade, e que non hai problema en concederlles un posto xa que de momento hai sitios vacantes,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes solicitudes para venda no mercadiño municipal:

Nome e Apelidos	DNI - NIE	día
María Begoña Pérez Pombo		sábado
Sandra Vicedo Vicedo		mércores e sábado

24.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS

D. Elias Barros Estévez, avogado de D^a María Belén Iglesias Area, mediante escrito presentado en sobre aberto o 23.03.11 en correos, formula reclamación administrativa polos danos sufridos no vehículo da Sra. Iglesias (Hyundai – 8041 DTY) cando circulaba polo aparcadoiro do colexio público de Reibón cando colisionou cun sinal de tráfico caído na vía, que estaba sen ningún tipo de sinalización. A reparación do vehículo ascendeu á cantidade de 397,61 euros. Achega, entre outra documentación, acta de informe do policía local, factura, pola reparación, informe pericial.

Visto que queda suficientemente acreditada a relación causal entre a lesión e o funcionamento do servizo público, a valoración do dano e o cálculo da contía da indemnización,

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 para este gasto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda indemnizar a D^a María Belén Iglesias Areas, co DNI 52.496.279K polos danos sufridos no seu vehículo, e así recoñecer a obriga por importe de 397,61 euros con cargo á aplicación orzamentaria 9200 22623 RC 448.

25.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
JUAN DIEGO FERNÁNDEZ DEL RÍO	Auga, uso comercial	O Rosal, 36, bloque I, 1º - local nº 6	Taxas 60 € Fainza 20 €	Aqualia

[Auséntase o concelleiro González]				
ARTURO GONZÁLEZ PÉREZ	Auga, uso comercial	Palmás, 83, baixo	Taxas 60 € Fainza 20 €	Aqualia
[Reincorpórase o concelleiro González]				
MARÍA BELÉN PUENTES PÉREZ	Auga, uso doméstico	r/ Pura P. Prado, nº 1 – 4º D	Taxas 60 € Fainza 20 €	Arquitecto técnico Aqualia
PAULA EVA GONZÁLEZ GÓMEZ	Auga, uso doméstico	r/ Bernardino Graña, 5 – 3º C	Taxas 60 € Fainza 20 €	Arquitecto técnico Aqualia
EDUARDO COUSELO FILGUEIRA	Auga, uso doméstico	Bernardino Graña, 5 – 2º A	Taxas 60 € Fainza 20 €	Arquitecto técnico Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.